



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 22/04/2021, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

#### ASISTENTES

##### PRESIDENTE

MARCOTE, SUAREZ, José (PSOE)

##### CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)  
MARIÑO LOPEZ, M<sup>a</sup>. Rocio (PSOE)  
DOMINGUEZ LADO, Alexandre (PSOE)  
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)  
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa

##### SECRETARIA-INTERVENTORA

CAJIDE BARBEITO, Marta

##### NON ASISTEN

TRABA FERNANDEZ, José Manuel (PP)  
INSUA ESMORIS-RECAMAN, Santiago (PP)  
BENLLOCH RIVAS, Daniel Juan (PP)  
SUAREZ SILVA, Jenifer (PP)  
CASTREGE FERNANDEZ, Leonor (PP)

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 19:25 horas, do día 22/04/2021, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria do Pleno da Corporación en primeira convocatoria, coa seguinte:

#### ORDE DO DÍA

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO 2/2021.

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACION ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CREDITO

4º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA, POR CREDITO EXTRAORDINARIO.

5º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) "POS 2021".

6º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA COA ACTUACIÓN: REHABILITACIÓN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL.

7º) DAR CONTA DOS SEGUINTES ASUNTOS XUDICIAIS: TITULOS EXECUTIVOS SENTENCIAS RECTA DA ANCHOA E CONTESTACIÓN AOS MESMOS DESDE O CONCELLO.

8º) DAR CONTA DO DECRETO 81/2021, DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2020.

9º) DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA DO MES DE FEBREIRO, MARZO E PARTE DE ABRIL, ANUALIDADE 2021.

10º) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN CONTRA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE CONTROL, APROBADA POLO PARLAMENTO EUROPEO, O PASADO MES DE FEBREIRO.

11º) ROGOS E PREGUNTAS.

#### **PRIMEIRO.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

- Acta do pleno de carácter ordinario do 4 de febreiro de 2021.

**Sometida a votación é aprobada por unanimidade dos asistentes.**

- Acta do pleno de carácter extraordinario e urgente do 12 de febreiro de 2021.

**Sometida a votación é aprobada por unanimidade dos asistentes.**

#### **SEGUNDO.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 2/2021.**

Visita a Providencia de Alcaldía, que consta no expediente número 2021/X999/000032.

Tendo en conta a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos, por causa de facturas correspondentes ao exercicio 2020, que non foron aprobadas en tal exercicio por canto que o proveedor, ou ben non presentou a factura no ano en que se realizou o servizo, ou ben había cuestións pendentes de resolver respecto a tal gasto, ou non había crédito orzamentario ao final do exercicio para facer fronte as mesmas, así como gasto xa pagado que estaba domiciliado pero, para o que non había consignación orzamentaria; estas situacións dan lugar ao presente expediente de Recoñecemento Extraxudicial 2/2021 das obrigas económicas



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

derivadas de tal gasto devengado nun exercicio anterior cuxa imputación orzamentaria non foi posible.

Tendo en conta a aplicación da normativa sobre estabilidade orzamentaria e sobre morosidade e co fin de causar o menor perxuízo económico ao concello polo devengo dos xuros de demora.

Considerando a conformidade dada por esta Alcaldía e o Primeiro Tenente de Alcalde ás mencionadas facturas, corroborando así a efectiva prestación dos servizos ou suministros detallados nelas.

Visto o informe da Secretaria-Interventora, que consta no expediente, de natureza desfavorable.

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito, PROPONSE ao Pleno desta Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Solventar o reparo que consta no informe da Secretaria-Interventora, atendendo que as prestacións foron realizadas e co fin de evitar o menor perxuízo económico ao concello polo devengo dos xuros de demora.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito 2/2021 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe total 81.646,69 €, segundo o detalle que figura na relación FRAS. REC. EXT. 2/2021:

### RELACIÓN DE FACTURAS CON RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL

Nº FACTURA	PROVEEDOR	IMPORTE	PARTIDA
01 95	ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L.	9.776,70 €	920/22706
01 121	ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L.	8.682,50€	920/22706
01 151	ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L.	9.143,55€	920/22706
01 176	ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L.	9.226,60€	920/22706
01 202	ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L.	9.433,56€	920/22706
01 228	ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L.	7.791,83€	920/22706
01 290	ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L.	7.488,24€	920/22706
01 257	ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L.	7.276,73€	920/22706
20 76	FRANCISCO FERNANDEZ NOVAS	1.166,00€	334/22609
1 01	ASOC. FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DE FISTERRA E SONEIRA	1.250,00€	231/22706
20-002901	SOCOMAR S.A.	362,00€	161/21300
20 76	FRANCISCO FERNANDEZ NOVAS	1.166,00€	334/22609
FI20-110	ARALUMEN	4.239,84€	920/62500
C20/01510	COESCO DEZA, SL	169,40€	231/48000
C20/01677	COESCO DEZA, SL	135,52€	231/48000
C20/01852	COESCO DEZA, SL	135,52€	231/48000
	DIETAS ORGANOS COLEGIADOS	4.203,00	912/23000

TOTAL IMPORTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO: 81.646,69 Euros.

TERCEIRO.- A aprobación de facturas dos provedores:

- Ethical Services For Animals, S.L., por importe de 68.819,41 Euros.
- Aralumen, por importe de 4.239,84 Euros.

Queda condicionada a entrada en vigor da modificación orzamentaria, modalidade crédito extraordinario, expediente 2021/T002/000003.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

CUARTO.- Que a aprobación deste gasto dea lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xeneren, facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura dos correspondentes mandamentos contables.

**Sometida a votación é aprobada por unanimidade dos asistentes.**

### TERCEIRO.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Vista a Memoria de Alcaldía que consta no expediente 2021/T002/000004, que se transcribe a continuación:

#### “MEMORIA DE ALCALDÍA

##### 1. MODALIDADE:

Ante a existencia de gastos para os que o crédito consignado no vixente orzamento da corporación é insuficiente e non ampliable, faise precisa a modificación de créditos do devandito orzamento da corporación, baixo a modalidade de suplemento de crédito con cargo ao remanente líquido de Tesouraría.

Esta proposta está motivada polo feito de que hai determinadas partidas que coma consecuencia da aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2021, tense constancia de que se quedarán insuficientes para cubrir os gastos de natureza ordinaria neste Concello de Fisterra.

Por outro lado, a raíz da análise que fixo a Secretaria-Interventora en informes varios do recoñecemento extraxudicial de crédito e da liquidación do orzamento da anualidade 2020, e coma consecuencia de coma se levaba a xestión do gasto público neste Concello, enténdese que o orzamento de gastos non cubría os gastos do exercicio orzamentario correspondente.

As aplicacións que deben crearse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:

#### Suplementos en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
920	227.00	Servizos limpeza	45.000,00	12.000,00	57.000,00
920	202.00	Arrendamento edificios	5.082,00	1.000,00	6.082,00
920	227.06	Prestación outros servizos	260.450,18	35.000,00	295.450,18
920	221.99	Gastos diversos	9.000,00	20.000,00	29.000,00
920	221.00	Alumbrado inmobles	48.000,00	15.000,00	63.000,00
920	212.00	Reparación inmobles	20.000,00	8.000,00	28.000,00
162.2	227.06	Prestación servizos empresa Sogama	160.000,00	90.000,00	250.000,00
165	221.00	Enerxía eléctrica, Alumbrado público	40.000,00	10.000,00	50.000,00
160	221.00	Enerxía eléctrica. Bombeos	120.000,00	10.000,00	130.000,00
165	213.00	Material eléctrico	35.000,00	25.000,00	60.000,00
161	213.00	Material reparacións	36.000,00	25.000,00	61.000,00
161	227.06	Abastecemento de auga	150.000,00	15.000,00	165.000,00
912	230.00	Asistencia a órganos colexiados	23.500,00	4.500,00	28.000,00
920	225.00	Taxas, tributos e outros	5.000,00	15.000,00	20.000,00
920	625.00	Enseres e mobiliario	4.000,00	15.000,00	19.000,00
		TOTAL	961.032,18	300.500,00	1.261.532,18

##### 2. FINANCIAMENTO:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Esta modificación finánciase con cargo ao Remanente de Tesourería do exercicio anterior, nos seguintes termos:

### Suplementos en Concepto de Ingresos

Aplicación económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
870	01		Remanente líquido tesourería	300.500,00
			<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>300.500,00</b>

### 3. XUSTIFICACIÓN:

En canto a xustificación, ven determinada:

1. Por un lado, polo recoñecemento extraxudicial 1/2021, aprobado no Pleno ordinario de febreiro e que comporta que determinadas partidas teñanse que complementar para facer fronte ao gasto ordinario do Concello de Fisterra.

2. Por outro lado, á vista dos informes da Secretaria-Interventora, nos cal reflexa unha determinada situación económica, complementar as partidas atendendo ao posible gasto real deste Concello.”

Por parte da Secretaria-Interventora emitíuse informe que consta no expediente 2021/T002/000004.

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito, PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos, coa modalidade de SUPLEMENTO DE CRÉDITO, como segue a continuación:

Suplementos en aplicacións de gastos.

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
920	227.00	Servizos limpeza	45.000,00	12.000,00	57.000,00
920	202.00	Arrendamento edificios	5.082,00	1.000,00	6.082,00
920	227.06	Prestación outros servizos	260.450,18	35.000,00	295.450,18
920	221.99	Gastos diversos	9.000,00	20.000,00	29.000,00
920	221.00	Alumbrado inmobles	48.000,00	15.000,00	63.000,00
920	212.00	Reparación inmobles	20.000,00	8.000,00	28.000,00
162.2	227.06	Prestación servizos empresa Sogama	160.000,00	90.000,00	250.000,00
165	221.00	Energía eléctrica, Alumbrado público	40.000,00	10.000,00	50.000,00
160	221.00	Energía eléctrica. Bombeos	120.000,00	10.000,00	130.000,00
165	213.00	Material eléctrico	35.000,00	25.000,00	60.000,00
161	213.00	Material reparacións	36.000,00	25.000,00	61.000,00
161	227.06	Abastecemento de auga	150.000,00	15.000,00	165.000,00
912	230.00	Asistencia a órganos colexiados	23.500,00	4.500,00	28.000,00
920	225.00	Taxas, tributos e outros	5.000,00	15.000,00	20.000,00
920	625.00	Enseres e mobiliario	4.000,00	15.000,00	19.000,00
		<b>TOTAL</b>	<b>961.032,18</b>	<b>300.500,00</b>	<b>1.261.532,18</b>

### 2º.- FINANCIAMENTO:

Suplementos en Concepto de Ingresos

Aplicación económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
870	01		Remanente líquido tesourería	300.500,00
			<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>300.500,00</b>



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**Sometida a votación é aprobado por unanimidade dos asistentes.**

### **CUARTO.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO.**

Vista a Memoria de Alcaldía que consta no expediente 2021/T002/000003, que se transcribe a continuación:

“MEMORIA DE ALCALDÍA

#### 1. MODALIDADE

Ante a existencia de gastos que non poden demorarse ata o exercizo seguinte, para os que non existe crédito no vixente orzamento da Corporación, e dado que o Concello dispón de Remanente líquido de Tesourería, faise precisa a modificación de créditos do devandito orzamento baixo a modalidade de crédito extraordinario.

O expediente de modificación de créditos 4/2021 do vixente orzamento municipal adopta a modalidade de crédito extraordinario, dacordo co seguinte detalle:

#### **Altas en aplicación de gastos:**

Nesta memoria faise mención as altas pola parte correspondente a aportación municipal en partidas orzamentarias de obras para as que se solicitou subvención na anualidade 2021.

Estas subvencións están en fase de resolución por parte da Administración autonómica e estatal, polo que se son concedidas e para proceder a execución das mesmas, xa se disporá do crédito orzamentario correspondente para a execución inmediata das mesmas.

Tamén se inclúe unha partida orzamentaria correspondente ao servizo da recollida de animais abandonados, atendendo a facturación do exercicio 2020 que se ten que aprobar e para a que non había crédito orzamentario; así mesmo, tamén se ten que consignar crédito para o exercicio 2021, atendendo que a competencia corresponde aos Concellos, en virtude do establecido no artigo 22 da Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia:

#### **“Artículo 22. Recogida y acogida de los animales vagabundos y extraviados.**

1. Los ayuntamientos recogerán los animales domésticos vagabundos y extraviados que deambulen por su término municipal y los albergarán en centros de recogida de animales abandonados inscritos en le Registro Gallego de Núcleos Zoológicos hasta que sean retirados por sus propietarios o propietarias, sean acogidos temporalmente o adoptados, o se les dé otro destino autorizado según los supuestos establecidos en la presente ley.

2. Los ayuntamientos podrán prestar el servicio de recogida y acogida por sí mismos o asociados, en régimen de gestión directa o indirecta. Asimismo, podrán suscribir convenios de colaboración en esta materia con otras administraciones públicas y entidades, como las asociaciones de protección y defensa de los animales.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

3. Los ayuntamientos podrán recoger y acoger animales a solicitud de las personas propietarias, previa justificación por parte de estas de la imposibilidad de la asunción de las obligaciones derivadas de la presente ley.

4. Los requisitos mínimos para la prestación de los servicios de recogida y acogida de animales abandonados se establecerán reglamentariamente. Estos servicios de recogida y acogida de animales abandonados se establecerán reglamentariamente. Estos servicios se llevarán a cabo por personas con la formación necesaria para el manejo y atención de los animales alojados, y contarán con los medios e instalaciones adecuadas así como con la asistencia veterinaria especializada precisa...”

Aplicación		Descripción	Créditos iniciales	Crédito extraordinario	Créditos finais
Progr.	Económica				
453	619.00	Aportación municipal obras mellora ámbito proyección camiño Santiago-Calcoba	0,00	4.500,00	4.500,00
543	619.01	Aportación municipal Rehabilitación en firme Sardiñeiro de Arriba	0,00	5.200,00	5.200,00
453	619.02	Aportación municipal Pavimentación viaria na zona rural municipio	0,00	10.000,00	10.000,00
161	622,00	Aportación municipal-Mantemento estación depuradora augas residuais	0,00	4.000,00	4.000,00
172	622,00	Aportación municipal-Instalación solar fotovoltaica para estación depuradora de residuos	0,00	13.650,00	13.650,00
331	609,00	Aportación municipal- Modificación reestructura Mercado	0,00	140.797,71	140.797,71
171	635,00	Parque infantil	0,00	15.500,00	15.500,00
342	625,00	Instalación equipo megafonía campo fútbol	0,00	4.239,84	4.239,84
170	227.09	Servizo recollida animais abandonados	0,00	95.136,91	95.136,91
		<b>TOTAL</b>	<b>0,00</b>	<b>293.024,46</b>	<b>293.024,46</b>

## 2. FINANCIACIÓN:

Esta modificación financíase con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior nos seguintes termos:

### Altas en concepto de ingresos.

Aplicación: económica			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
870	00		<b>Remanente líquido tesourería</b>	<b>293.024,46</b>
			<b>TOTAL INGRESOS</b>	

### En canto a XUSTIFICACIÓN:

Tal como consta na relación de actuacións trátase dun gasto de carácter específico e determinado, no que por un lado se cofinancian determinadas inversións na parte correspondente a aportar neste Concello e por outro lado un gasto específico non contemplado no orzamento prorrogado.”

Por parte da Secretaria-Interventora emitiuse informe que consta no expediente 2021/T002/000003.

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito, PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción dos seguinte ACORDOS:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de modificación de créditos, coa modalidade de CRÉDITO EXTRAORDINARIO, como segue a continuación:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito extraordinario	Créditos finais
Progr.	Económica				
453	619.00	Aportación municipal obras mellora ámbito proyección camiño Santiago - Calcoba	0,00	4.500,00	4.500,00
543	619.01	Aportación municipal Rehabilitación en firme Sardiñeiro de Arriba	0,00	5.200,00	5.200,00
453	619.02	Aportación municipal Pavimentación viaria na zona rural municipio	0,00	10.000,00	10.000,00
161	622,00	Aportación municipal – Mantemento estación depuradora augas residuais	0,00	4.000,00	4.000,00
172	622,00	Aportación municipal - Instalación solar fotovoltaica para estación depuradora de residuos	0,00	13.650,00	13.650,00
331	609,00	Aportación municipal - Modificación estrutura Mercado	0,00	140.797,71	140.797,71
171	635,00	Parque infantil	0,00	15.500,00	15.500,00
342	625,00	Instalación equipo megafonía campo fútbol	0,00	4.239,84	4.239,84
170	227.09	Servizo recollida animais abandonados	0,00	95.136,91	95.136,91
<b>TOTAL</b>			<b>0,00</b>	<b>293.024,46</b>	<b>293.024,46</b>

## 2. FINANCIACIÓN:

Esta modificación financíase con cargo ao remanente líquido de Tesourería resultante da liquidación do exercicio anterior nos seguintes termos:

### Altas en concepto de ingresos:

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
870	00		<b>Remanente líquido tesourería</b>	<b>293.024,46</b>
			<b>TOTAL INGRESOS</b>	

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio insiro no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

**Sometida a votación é aprobada por unanimidade dos asistentes.**

## QUINTO.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS 2021”.

Visto o acordo plenario adoptado o 4 de febreiro de 2021, o cal asunto é a aprobación do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos), Pos+2021, que se transcribe a continuación:

“Vistas as Bases reguladoras Plan Provincial de Cooperación ás OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+2021.

Atendendo ao disposto no articulado das devanditas Bases, os concellos poderán solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignado aos seguintes obxectos:



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### - PAGO A PROVEDORES.

En primeiro lugar, os concellos deberán obrigatoriamente destinar a cantidade asignada neste Plan en concepto de “achega provincial 2020” e “achega provincial 2021” (non “préstamo provincial 2021”) ao pago das súas débedas con provedores cuxas facturas teñan data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2020, este incluído, que estean pendentes de pago no momento da elaboración do informe que para estes efectos emita a intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, separando as facturas que se imputan ao capítulo II do orzamento municipal e as que se imputan ao capítulo VI, segundo se detalla na Base 5.B.1. No caso de que o concello teña débedas con provedores con estes requisitos, deberá aplicar ao seu financiamento, en primeiro lugar, a “achega provincial 2020”, ata esgotala, e posteriormente, deberá aplicarse a “achega provincial 2021”, ata esgotala tamén, coa única excepción que se indica no penúltimo parágrafo da Base 2.1. Non obstante, o concello tamén poderá, voluntariamente, destinar as ditas achegas provinciais 2020 e 2021 ao financiamento doutras facturas con data de entrada no Rexistro Xeral do concello posterior ao 30 de xuño de 2020 que estean pendentes de pago no momento da elaboración do referido informe, segundo se detalla na Base 2.1. A cantidade restante poderá destinala cada concello aos outros obxectos, segundo corresponda polo tipo da achega provincial:4

### - GASTO CORRENTE.

O concello poderá destinar a “achega provincial 2021”, ou excepcionalmente a “achega provincial 2020” no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.2, ao financiamento dos seus gastos correntes orixinados polos servizos de competencia municipal obrigatorios do exercicio 2021, segundo se detalla na Base 5.B.2, sen límite ningún.

### - REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS.

O concello poderá destinar a “achega provincial 2021” e a “achega provincial 2020” ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.

### - REDUCCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO CON ENTIDADES FINANCIERAS.

Por outra parte, no que se refire ao “préstamo provincial 2021”, o concello unicamente poderá aplicalo a reducir o seu endebedamento con entidades financeiras.

### - GASTOS SOCIAIS.

O concello poderá destinar a “achega provincial 2021 extraordinaria” ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na base 12, a través do “POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios”. En resumo, os obxectos que poden solicitar os concellos con cargo aos distintos tipos de achega e préstamo provincial destinados ao financiamento deste Plan son os que a continuación se detallan, tendo en conta que o “préstamos provincial 2021” destinarase só á redución do endebedamento do concello con entidades financeiras.

Atendendo aos antecedentes de feito, o Alcalde-Presidente PROPÓN a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “Pos+2021” da Deputación Provincial de A Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

financian con cargo a “achega provincial 2021” achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”.

### A) Financiamento do pago a provedores:

ACHEGAS	Capítulo II	TOTAL
Achega provincial 2020 aplicado no financiamento do pago a provedores.	70.443,77	70.443,77
Achega provincial 2021 aplicado no financiamento do pago a provedores.	24.858,83	24.858,83
<b>SUBTOTAL PAGO A PROVEEDORES</b>	<b>95.302,6</b>	<b>95.302,6</b>

### B) Financiamento do gasto corrente:

ACHEGAS	DEPUTACIÓN
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	102.737,25
<b>SUBTOTAL GASTO CORRENTE</b>	<b>102.737,25</b>

### C) PRESUMO:

Subtotais		Deputación	Concello	Total
Pago a provedores	Achega 2020	70.443,77	-----	70.443,77
	Achega 2021	24.858,83	-----	24.858,83
Gastos correntes	Achega 2021	102.737,25	-----	102.737,25
TOTAL	Achega 2021	127.595,78	-----	127.595,78
	Achega 2020	70.443,77	-----	70.443,77
	TOTAL	198.039,55	-----	198.039,55

SEGUNDO.- Aprobar o Plan Complementario anualidade 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles e que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos.

RÚA DA CHARCA FASE I	54.569,09
RUA DA CHARCA FASE II	68.741,84
MELLORA CAMIÑO DA INSUA FASE I	40.014,81
MELLORA CAMIÑO DA INSUA FASE II	66.707,43
SANEAMENTO RÚA FEDERICO ÁVILA	121.981,83
EDAR CASTRO E VILAR	89.675,79
<b>TOTAL PLAN COMPLEMENTARIO</b>	<b>441.690,79</b>

TERCEIRO.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos; con respecto as autorizacións sectoriais, nunha parte das actuacións xa están resoltas favorablemente pola Administración competente na materia, noutra parte das actuación en fase de resolución pola Administración competente na materia.

CUARTO.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021, se a houbera.

QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada se si esta se produce efectivamente.

SEXTO.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existen axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supera o 100% do seu importe.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

SÉTIMO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administracións Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Visto o requirimento do Servizo da Xestión de Plans da Deputación de A Coruña o cal asunto é o requirimento sobre a documentación presenta no POS+2021.

Neste requirimento indícase que no que se respecta ao acordo plenario adoptado o 4 de febreiro o seguinte:

- Algúns dos importes recollidos na táboa resumo no son correctos.
- As denominacións das obras do Plan Complementario están incompletas.

A vista dos antecedentes de feito, PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do cadro resumo do punto primeiro do acordo adoptado o 4 de febreiro de 2021, no seguinte senso:

c)RESUMO:

Subtotais		Deputación	Concello	Total
Pago a provedores	Achea 2020	70.443,77	-----	70.443,77
	Achea 2021	24.858,83	-----	24.858,83
Gastos correntes	Achea 2021	102.737,25	-----	102.737,25
TOTAL	Achea 2021	127.595,78	-----	127.595,78
	Achea 2020	70.443,77	-----	70.443,77
	TOTAL	198.039,55	-----	198.039,55

SEGUNDO.- Aprobar a modificación do apartado segundo do acordo adoptado, coas denominacións das obras do Plan Complementario de forma completa, no seguinte senso:  
PROXECTO

- Mellora no viario na rúa da Charca, Fase I	54.569,09
- Mellora no viario da rúa da Charca, Fase II	68.741,84
- Mellora do viario no camiño da Insua, Fase I	40.014,81
- Mellora do viario no camiño da Insua, Fase II	66.707,43
- Mellora do saneamento na rúa Federico Avila	121.981,83
- Proxecto Edar de Castro e Vilar de Duio	89.675,79
TOTAL PLAN COMPLEMENTARIO	441.690,79

TERCEIRO.- Ratificar o contido do acordo adoptado o 4 de febreiro de 2021, coas modificacións propostas.

CUARTO.- Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial de A Coruña.

**Sometida a votación é aprobada por unanimidade dos asistentes.**

**SEXTO.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE SOLICITUDE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA COA ACTUACIÓN: REHABILITACIÓN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL.**

Vista a memoria valorado “REHABILITACIÓN DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO MUNICIPAL (FISTERRA)”, redactada polo Arquitecto Superior Alfonso Botana.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Nesta memoria indicase non antecedentes o seguinte:

“A promoción da práctica do deporte na cidadanía é unha responsabilidade de tódalas administracións dende a local, pasando pola provincial e autonómica ate a estatal. Podemos dicir que tódalas accións encamiñadas a facilitar a práctica do deporte entre a veciñanza e a adquisición de hábitos saudables da mesma, teñen a consideración de interese provincial deportivo.

A situación xeográfica da nosa provincia e por conseguinte a nosa climatoloxía, fai que durante unha grande parte do ano non sexa posible a práctica de diferentes deportes de pista ao aire libre, de aí que se precisen instalacións cubertas para solventar este problema.

Do antedito foi sempre consciente a Deputación da Coruña, por iso sempre estivo detrás da financiación de moitas instalacións deportivas municipais. Pero o tempo fai a súa función e as cousas vanse deteriorando como está a pasar co noso polideportivo, de feito agora non se está a usar por motivos de seguridade. Necesitamos urxentemente o cambio da cuberta do mesmo xa que sen esta instalación as actividades deportivas no noso concello quedan moi limitadas.

Para un concello como o noso é imposible afrontar a inversión que supón a acción que se pretende e non podemos incluíla no Plan Único porque o pago obrigado a provedores e o gasto corrente consumen o importe adxudicado este ano. Tampouco é posible solicitar subvencións de concorrencia competitiva da Xunta de Galicia debido ao elevado importe do proxecto para un concello das nosas características.

A edificación obxecto da presente memoria consiste nun pavillón polideportivo cuberto polivalente que permite realizar grande variedade de actividades deportivas, como baloncesto, fútbol sala, voleibol, balonmán, ximnasia, etc, así como eventos de carácter social e lúdico.

Esta edificación, segundo información catastral, foi edificada no ano 1992. A súa estrutura, tanto vertical como de cuberta, é metálica, contando con cerramentos de fábrica de bloque e chapa metálica. A cuberta é a dúas augas e, tamén, de chapa metálica. No seu interior dispón de gradas para o público acaroadas ás fachadas leste e sur, debaixo das cales se atopan os vestiarios, aseos, enfermería e zonas de almacéns e instalacións.

As instalacións teñen a súa entrada principal na fachada leste que dá fronte á rúa Caballero. Conta, ademais, con acceso directo dende o instituto Fin do Mundo e dende o campo de fútbol cos que linda. No seu exterior conta cunha zona de aparcadoiro de vehículos. En canto ó seu estado de conservación, presenta graves deficiencias por corrosión da estrutura metálica debidas da acción do ión cloruro que contén o sal do mar. Este sal pode chegar ó edificio arrastrado polo ventos debido á súa proximidade á costa. Esta corrosión tamén afecta á chapa metálica da cuberta e da fachada facilitando a entrada de auga de chuvia. O edificio tamén ten deteriorada a pintura da fachada.

Por mor do estado de corrosión de certos elementos estruturais faise urxente unha actuación de reparación dos mesmo para garantir a súa estabilidade mecánica, sobre todo debido á situación xeográfica do edificio, que o expón a fortes ventos. Así mesmo, é necesaria a substitución da envolvente de chapa metálica, tanto en cuberta como en fachada, para mellorar as condicións de salubridade no interior da instalación e de seguridade no interior e no exterior evitando que se poida desprender pola acción do vento, como nalgunha ocasión tivo acontecido.

A situación actual da cuberta incide ademais de maneira negativa na propia seguridade da realización da actividade deportiva, que nas épocas de choiva e vento fan obrigado o peche das instalacións po mor das goteiras existentes en varios puntos da mesma coa perigosidade de escorregamentos que poden conlevar.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Para corrixir estas patoloxías e que as instalacións poidan ser utilizadas en condicións de seguridade e salubridade e, ó mesmo tempo, alongar a vida útil da edificación, propónse substituír aqueles elementos estruturais máis afectados pola corrosión e reparar e protexer con produtos anticorrosión os menos afectados. Así mesmo, propónse substituír toda a envolvente metálica por outra de similares características, pero con illamento incorporado, tipo Sandwich.”

No expediente consta informe-certificado emitido o 8 de abril de 2021 pola Secretaria-Interventora en relación a este asunto.

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito, PROPÓNSE ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito, PROPÓNSE ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Solicitar á Deputación Provincial de A Coruña unha subvención nominativa coa actuación “REHABILITACIÓN DE PAVILLÓN POLIDEPORTIVO (FISTERRA)”, atendendo a memoria redactada polo Arquitecto Superior Alfonso Botana, cun orzamento de 190.306,11 Euros.

SEGUNDO.- Solicitar a subvención nominativa por un importe de 152.244,88 Euros, que comporta unha porcentaxe do 80% da totalidade da actuación.

TERCEIRO.- Aprobar o interese provincial desta actuación, no senso tal como se indica na memoria elaborada, trátase dunha actuación de recuperación dunha instalación deportiva que favorecerá a práctica do deporte e o uso das instalacións cunhas garantías de seguridade.

CUARTO.- Unha vez concedida a subvención, este Concello comprométese a aprobar unha modificación orzamentaria polo importe correspondente ao 20%, que representa a aportación municipal.

QUINTO.- Notificar aos efectos oportunos este acordo á Deputación Provincial de A Coruña.

Sometida a votación é aprobada por unanimidade dos asistentes.

**SÉTIMO.- DAR CONTA DOS SEGUINTE ASUNTOS XUDICIAIS: TITULOS EXECUTIVOS SENTENCIAS RECTA DA ANCHOA E CONTESTACIÓN AOS MESMOS DENDE O CONCELLO.**

O pleno da corporación dase por enterado.

**OITAVO.- DAR CONTA DO DECRETO 81/2021, DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2020.**

O pleno da corporación dase por enterado.

**NOVENO.- DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA DO MES DE FEBREIRO, MARZO E PARTE DE ABRIL, ANUALIDADE 2021.**

O pleno da corporación dase por enterado.

**DÉCIMO.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL EN CONTRA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE CONTROL APROBADA POLO PARLAMENTO EUROPEO O PASADO MES DE FEBREIRO.**



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### DECLARACIÓN INSTITUCIONAL

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A confraría de pescadores de FISTERRA, presenta ao Pleno do Concello de FISTERRA a presente iniciativa para o seu detalle e aprobación, se procede, mediante a declaración institucional.

A presente proposta ten como principal obxectivo por de manifesto a inxustiza existente co sector pesqueiro por mor da modificación do Regulamento de Control aprobada polo Parlamento Europeo o pasado mes de febreiro.

O citado documento supón a introducción de aspectos novedosos no Regulamento (CE) nº. 1224/2009, do Consello (DO L 343 DE 22/12/2009), polo que se establece un réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da PPC, e os que causarán graves prexuízos para os intereses da frota de pesca artesanal galega, en canto:

1.- Non se modificou a definición de pesca artesanal, petición realizada dende o propio sector. Continúase describindo a pesca costeira artesanal como a desenvolvida por buques inferiores a 12 metros de eslora e con determinadas artes de pesca. Toda a pesca executada por buques inferiores a 12 metros de eslora e con determinadas artes de pesca. Toda a pesca executada por buques de eslora maior ou con artes non contempladas como artesanais pola UE, entrarían dentro da denominación de industrial.

Elo implica que tódalas embarcacións maiores de 12 metros, quedan fóra da categoría de pesca costeira artesanal, supoñendo importantes prexuízos para este segmento de frota – ex. Non poder acceder ás axudas dos Grupos de Acción Local de Pesca (GALP's) con fondos FEMP-.

Non se estimaron os argumentos das organizacións representativas do sector neste sentido, entre outros, de definir a pesca costeira artesanal dende unha prespectiva multiparamétrica, sendo necesario para o recoñecemento da frota que se adica a esta modalidade, o cumprimento de alomenos tres, dos cinco criterios seguintes: 1. Eslora das embarcacións inferior a 12 metros. 2. Distancia do caladoiro, faenar dentro de augas nacionais. 3. Duración máxima das mareas: 24 horas. 4. Utilización de artes de pesca sostibles. 5. Máximo de 4 tripulantes enrolados e a bordo.

2.- En aplicación do Regulamento de control en vigor, unicamente os buques menores de 10 metros de eslora están eximidos de levar un diario de pesca electrónico (DEA) a bordo.

Coa actual modificación, todos os buques de máis de 4 metros deberán notificar dende o barco as súas capturas, aínda que descoñecéndose a forma de traballo agrupada que normalmente desenvolven as embarcacións de artes menores que operan en Galicia, principalmente as de marisqueo ou de recursos específicos, e sen terse en conta tampoco as especiais condicións climatolóxicas que predominan na costa galega.

3. A modificación proposta e aprobada polo Parlamento Europeo incide na implantación de cámaras de “voluntarias” a bordo dos buques de máis de 12 metros de eslora, salvo infractores, e entendéndose que esa voluntariedade será “premiada” con maior cota nas posibilidades de pesca.

Non obstante, este aspecto é considerado innecesario para a frota de artes menores tendo en conta o escaso número de especies sometidas a TAC's e Cotas e capturadas pola frota artesanal galega, e tamén ao insignificante reparto de especies por buque.

En definitiva, a modificación proposta do Regulamento de Control da Pesca en augas da U.E. considérase de todo inapropiada e inxusta para a frota galega de pesca artesanal, ben por non se ter en conta as súas especiais características estruturais nin a forma de desenvolvemento da súa actividade extractiva.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Por todo o anteriormente exposto, a Confraría de Pescadores de FISTERRA solicita ao Pleno da Corporación do Concello de FISTERRA, o apoio incondicional á reivindicación do sector pesqueiro artesanal e marisqueiro de Galicia e a este respecto, e a adopción dos seguintes.

O pleno do Concello de FISTERRA en sesión de data / / /2021 e mediante declaración institucional asinada por todos e cada un dos membros que integran a corporación municipal solicitada aos grupos políticos con representación no Parlamento de Galicia e no Congreso dos Deputados que adopten e executen as seguintes decisións:

1. ESIXIR A RETIRADA DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE CONTROL DA PESCA (CE) Nº. 1221/2009, DO CONSELLO E APROBADA POR MAIORÍA DOS EURODEPUTADOS DO PARLAMENTO EUROPEO, EN CANTO VAI EN PREXUÍZO DOS INTERESES DA FROTA DE PESCA ARTESANAL E DO MARISQUEO DE GALICIA E ANTE A IMPOSIBILIDADE DO SEU CUMPRIMENTO.

2.ESIXIR DUNHA VEZ POR TODAS UNHA DEFINIÇÃO EUROPEA CLARA E REAL DO CONCEPTO DE PESCA ARTESANAL BASEADA NUNHA DEFINIÇÃO MULTICRITERIO.

3. REQUIRIR UN TRATAMENTO DISTINTO E DIFERENCIADO DA FROTA DE PESCA COSTEIRA ARTESANAL RESPECTO ÁS FROTAS INDUSTRIAL E/OU SEMIINDUSTRIAL, RECOMENDÁNDOSE PARA ELO ÁS AUTORIDADES COMUNITARIAS, UN COÑECEMENTO REAL DAS CARACTERÍSTICAS ESTRUTURAIAS DOS BUQUES DE ARTES MENORES, DAS ZONAS DE EPSCA DE DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE E DA SELECTIVIDADE DAS ARTES E APARELLOS DE ARTES EMPREGADAS.

Todos os membros da corporación presentes manifestan estar de acordo.

### **UNCÉCIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non hai rogos nin preguntas

E non habendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as 20:00 horas, do que como secretario, dou fe.